

## DIRECCIÓN FINANCIERA. PLANIFICACIÓN, GESTIÓN Y CONTROL

LUIS T. DíEZ DE CASTRO / JOAQUÍN LÓPEZ PASCUAL  
Madrid: Pearson Educación. 2001  
[281 páxinas]

Recibido: 6 novembro 2001

Aceptado: 17 xuño 2002

A literatura financeira ocupouse durante décadas de delimitar-lo ámbito de actuación da Dirección Financeira, de especificar e de definir-los conceptos fundamentais nos que apoia-lo exercicio da función financeira da administración ou *management* e de articular modelos e ferramentas de análise que contribúan a unha efectiva planificación, xestión e control financeiro das organizacións.

Parece, pois, que o desenvolvemento dunha obra máis sobre esta disciplina non responde a unha necesidade latente de proporcionarlles un soporte físico (escrito) a cuestións xa suficientemente elaboradas nunha multitude de publicacións que precederon a esta na que centramos agora a nosa crítica. Non é a primeira nin será a última que se preocupou por reunir e aglutinar baixo as tapas dun libro o máis relevante e actual que en cada momento configurou o fondo e a forma da Dirección Financeira.

¿Que xustifica, daquela, a realización dun traballo que outros xa levaron a cabo con anterioridade? Obviamente, e isto é materia da Dirección Comercial máis ca da Financeira, é perfectamente factible presentar un mesmo produto de forma diferenciada e, aínda máis, é absolutamente posible que afrontar vellos temas con novos enfoques dea lugar a un traballo enteiramente orixinal. Se, ademais, se conta co aval de dous profesores doutores de recoñecido prestixio e experiencia no ámbito financeiro, teranse reunido as condicións que fagan posible unha efectiva contribución á difusión e á expansión do coñecemento en materia de Economía Financeira.

Porque este é, se cadra, o obxectivo fundamental de *Dirección Financiera. Planificación, gestión y control*: proporcionarlle ó responsable financeiro de calquera organización un manual que lle sirva de apoio e de guía para desenvolver-lo seu labor, tratando, en certa maneira, de sistematizar-las directrices que han guiar-lo deseño das etapas, dos procesos e das actuacións que constitúen o *modus operandi* da función financeira.

Así, o texto encerra unha estrutura que, indo do xeral ó particular, define e distingue claramente cada ámbito específico da Dirección Financeira, desde as referencias máis elementais ós conceptos e principios fundamentais da Economía Financeira e a Xestión empresarial, ata a descrición polo miúdo das actuacións concretas en que se materializará a xestión financeira dunha organización, pasando pola exposición rigorosa dos elementos esenciais que conforman o desenvolvemento do proceso de planificación estratéxica na área financeira.

Son estes os tres corpos temáticos que recolle a obra nas tres partes en que aparece dividida. A primeira parte, baixo o título de *Dirección Financiera*, comprende cuestións xerais que é imprescindible coñecer para emprender calquera tarefa de definición de estratexias financeiras e de deseño de plans de previsión, execución e control. Aparece subdividida en sete bloques. Os tres primeiros ocúpanse de delimitar os conceptos de economía financeira e de unidade empresarial, referíndose especialmente ós principios que rexen a primeira, os chamados principios de racionalidade financeira, e ós obxectivos que persegue a segunda, poñendo de manifesto as tensións e os conflitos que xorden entre eles, así como os derivados da separación entre propiedade e control que caracteriza á empresa moderna.

Os catro bloques restantes da primeira parte ocúpanse de tres dos ámbitos de decisión fundamentais da función financeira: a xestión do risco, a xestión dos investimentos e a xestión do financiamento. Destaca no tratamento de todos eles a importancia fundamental que se lles concede ás novas ferramentas de cobertura, no caso do risco, e de toma de decisións, baseadas na utilización ou na aplicación de estratexias e de modelos matemáticos nados no seo da teoría financeira sobre produtos financeiros derivados. Especial mención merece o papel protagonista que os autores lle outorgan á metodoloxía da toma de decisións de investimento e de financiamento mediante opcións reais, teoría que, malia o seu carácter recente e o seu desenvolvemento aínda escaso, é depositaria de toda a súa confianza.

A segunda parte da obra, titulada *Planificación Financiera* está estruturada en cinco bloques, nos que describe e xustifica os pasos e os elementos esenciais do proceso de planificación financeira, dirixido cara á elaboración de estratexias e de plans financeiros a través de ferramentas de diagnóstico, de previsión, de modelización e de planificación. Destaca o amplo abano de instrumentos de planificación que, en poucas páxinas e co suficiente grao de profundidade e de nivel de detalle, son obxecto de atención por parte dos autores, apoiándose en representacións gráficas, en desenvolvementos matemáticos e en aplicacións exemplares que resultan unha grande axuda para o lector.

Na terceira e última parte, baixo o epígrafe *Gestión Financiera*, recóllense modelos específicos de xestión para algunhas das áreas vitais da saúde económico-financiera dunha empresa, como son a xestión de tesourería, a política de crédito ou o financiamento de proxectos (*project finance*), e trátase o tema do control financeiro como fase final da actividade da Dirección Financiera, tanto na súa vertente de instrumento de verificación do cumprimento como na de *input* fundamental do propio proceso de planificación e xestión.

Aínda que os contidos non son novos, e máis aló de recoñecer que a información e o coñecemento que ámbolos dous autores recompilaron neste manual están absolutamente “ó día”, hai un aspecto fundamental que distingue e que singulariza o seu traballo: ter conseguido conferirlle unha cohesión e un carácter integrado difíciles de lograr, dada a amplitude e a gran diversidade de áreas e de ámbitos que configuran a Dirección Financiera, superando os límites do directamente controla-

ble no interior da empresa e somerxéndose na análise da súa relación cos mercados financeiros e do potencial para xerar valor empresarial que encerran as súas posibilidades de desenvolvemento no futuro.

Resulta tamén sorprendente a capacidade de síntese e de concreción que preside toda a obra e que permite englobar nun reducido número de páxinas unha gran cantidade de información, converténdoa nun manual sumamente manexable, o que acentúa ese carácter de guía e de texto de apoio ó que nos referiamos ó principio. Por outro lado, a inclusión en case tódolos capítulos de exemplos, de gráficas e de recortes de prensa relacionados coa materia dota á obra dunha gran claridade, realidade e transparencia, mesmo naquelas cuestións máis complexas ou de difícil exposición sen caer na trampa que para moitos constitúen as formulacións matemáticas. Neste sentido, destaca, ademais, a oportuna referencia, cando foi necesario, a conceptos pertencentes a disciplinas relativamente alleas á Dirección Financeira, como son a Estatística, a Administración e Dirección de Empresas ou a Contabilidade, que contribúen definitivamente á creación dunha obra completa malia o seu pequeno tamaño e sinxela malia o seu complexo contido.

En definitiva, *Dirección Financiera. Planificación, gestión y control* ofrécelle ó lector un compendio dos conceptos, dos elementos, das teorías e das ferramentas esenciais para desempeña-la función financeira, conferíndolles a todos estes contidos un carácter eminentemente práctico e apegado á realidade empresarial, e seguindo un esquema expositivo que lle dá cohesión e unidade á gran cantidade de materias e de ámbitos que se aglutinan baixo a Dirección Financeira, algo do que carecen moitas das publicacións sobre este particular.

NOELIA ROMERO CASTRO  
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela